



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

27

O día trenta d'abril
do ano sesent'e uito
apareció 'n percance
que alghún cubre de luito.

E fui a vé-los peritos
que miden prá parcelaria
... esquecido
e non se acordaba nada.

Pero a lei do Estado
cumpre÷se ben e desente
qu'ásí qu'os vío na iaghra
xa se fui xuntando a xente.

Algúns non lle fai mal feito
outros andan en partí-la
pensan que a terra lle falta
pró Japón ou prá Argentina.

Per'os peritos son bos
que miden ben e dereito
aunque os tomen á risa
io traballo ha de ter xeito.

Eles non labran a terra
andán medindo os terrenos
fasendonos un favor
qu'ásí traballamos menos.

E esto levas'a cabo
qu'en estando terminada
botase o visio na xente
e non traballamos nada.

E o primeiro traballo
que quit'as leiras pequenas
facendo÷nolas máis ghrandes
e acortando as estremas.



Un labra con roda ghrande
outro labra cun tratore
per'ó chegar ó remate
non se destinc'o millore.

Xa tén o arado aberto
prã que vaia ben ó fondo
eso é pra cando morra
andar cã terrã ió lombo.

E cando os peritos marchan
medindo prã iotro lado
a xente queda disindo
“qu'estas cousas traen rabo”.

Porque hai alghún labregho
que no' hai quen o conosa
por eso fai o Estado
a parselaria iá forsa.

S'un a ioutro pide cambio
e é prós dous millorare
un contesta non cho fagho
ti non tés onde me dare.

“A túa terrã viciño
toda é clase terseira
tés que dar catro por un
qu'a miñã ié de primeira”.

“E se cho fagho a catro
prã que ti salghas millore
s'ásí me paghas a terra
quedas debend'o favore”.

O vesião está mirando
e non ve que contestare
vaia perito que es
e mäneira d'estafare.

Pois eu menos non cho fagho
que non cho quero fasere
qu'ã terr'a clases ighuales
desmenui'o meu habere.



Ti eh mui bravo dā boca
pensas qu'eu no' 'stá durmindo
se che reghal'o que teño
eu despois ando pedindo.

Äsí que a parcelaria
con tódo-los equipajes
vén poñendo todo en línea
endereitand'os salvajes.

Ese fui un bo aserto
que o noso 'stado ordenou
que así fai en España
oa cada un dono do seu.